

Economía Social

Proposta

Medidas extraordinarias
para as entidades de
economía social galega

Abril 2020



FOROESGAL
Foro pola Economía Social Galega

ÍNDICE

1. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA AS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL NO SEU CONXUNTO
2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS ESPECÍFICAS PARA OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL
3. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS ESPECÍFICAS PARA AS EMPRESAS DE INSERCIÓN
4. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS ESPECÍFICAS PARA COOPERATIVAS
5. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS ESPECÍFICAS PARA COOPERATIVAS AGRARIAS
6. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS ESPECÍFICAS PARA SOCIEDADES LABORAIS
7. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS SOLICITADAS PARA AS ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL EN RELACIÓN ÁS ORDES DE SUBVENCIONS

Ante a situación excepcional provocada pola crise sanitaria do COVID-19 e a declaración do estado de alarma, as entidades que conformamos o FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA, e nun sentido máis amplo as entidades de economía social, observamos que as medidas adoptadas están a ter e terán un gran impacto económico no noso sector; sector xa de seu moito máis feble en canto á súa situación económica-financeira.

As prioridades das entidades que formamos o “FORO” nestes momentos son dúas: adoptar cantas medidas sexan necesarias para conter a pandemia e garantir a saúde das/os nosas/os traballadoras/es e evitar, na medida do posible, a previsible perda de emprego das persoas traballadoras. A prioridade no futuro inmediato é garantir a sustentabilidade e viabilidade das nosas entidades e, consecuentemente, o mantemento do emprego das/os nosas/os traballadoras/es.

Apoiamos as medidas que se están adoptando, con carácter xeral, con respecto ás axudas estatais para fomentar a flexibilidade no traballo, estimular a economía, garantir a solvencia, etc... Sen embargo, somos conscientes das graves consecuencias económicas e sociais que van acontecer con carácter inmediato e asumimos, desde un exercicio de corresponsabilidade, que todas/os debemos realizar os esforzos, sacrificios e axustes necesarios para enfrontar e superar a situación actual, como estamos seguros seremos capaces entre todas/os, pero é imprescindible adoptar medidas extraordinarias e urxentes adaptadas á economía social que dean resposta ás nosas problemáticas.

1. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA AS EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL NO SEU CONXUNTO

MEDIDAS URXENTES

1. Posta en marcha de novas liñas de axudas extraordinarias para facer fronte ás necesidades xurdidas dos peches de actividades e reducións de facturacións derivadas da crise do COVID 19 que complementen as postas en marcha polo goberno do estado. Ligar estas axudas ao mantemento do emprego.
2. Axilización das axudas públicas ás que poidan ter dereito actualmente en trámite e incorporar de oficio a posibilidade de acceder a anticipos e pagos a conta das mesmas de ate o 80% do total.
3. Axilizar e reducir o período de pagamento a provedores das Administracións Públicas.
4. Desenvolver protocolos de coordinación entre as diversas administracións públicas implicadas para clarificar, mellorar e axilizar os procedementos de xestión para que as persoas socias de

cooperativas e sociedades laborais podan acceder ás distintas axudas específicas que compensen de cese de actividade.

5. Aclaración e flexibilización da prestación de servizos no caso de contratos públicos en marcha, así como das indemnizacións que correspondan, e garantir que se manteñan os compromisos de contratación anteriores á crise e se compense dos gastos fixos adquiridos polo aprazamento.

MEDIDAS POST ESTADO DE ALARMA

1. Poñer en marcha medidas legais e incentivos económicos e fiscais para que as persoas traballadoras de entidades mercantís capitalistas en crise, podan asumir sen trabas a titularidade da empresa e manteñan a actividade baixo a fórmula de cooperativa ou sociedade laboral.
2. Adoptar as medidas normativas para flexibilizar os compromisos de fin de prazo de execución de actividades vencelladas a axudas públicas.
3. Establecer medidas específicas de apoio a empresas de economía social vencelladas a servizos de índole social, cultural, de mellora da calidade de vida, etc. así como as cooperativas sen ánimo de lucro.
4. Establecer medidas e cláusulas para que ás entidades de economía social se lles dea prioridade na adxudicación dos concursos públicos e se habiliten mercados reservados, convenios e calquera outra fórmula que permita priorizar canalizar recursos públicos cara estas entidades.
5. Posta en marcha dunha campaña de difusión e posta en valor da Economía Social que mostre os valores que temos como empresas.

INSTRUMENTOS FINANCIEROS DESTINADOS A PALIAR OS EFECTOS DA CRISE, QUE IMPLICAN ÁS ENTIDADES FINANCEIRAS DA ECONOMÍA LOCAL

FORO POLA ECONOMIA SOCIAL GALEGA valora positivamente a liña de avais dotada de 20.000 Millóns de Euros que o pasado 24 de marzo aprobou o Consello de Ministros para garantir a liquidez para novos préstamos e operacións de refinanciamento de autónomos, pemes e grandes empresas. Esta medida facilitará liquidez a través das entidades financeiras en colaboración co ICO na medida en que se permite incluír refinanciamentos así como novas operacións, en importes relevantes e con garantías previsiblemente suficientes.

O abanico de medidas financeiras de apoio ás empresas complétase coas adoptadas polas Comunidades Autónomas. Todas elas teñen acertadamente como obxectivo paliar as dificultades de tesourería que están a sufrir as diferentes actividades económicas e evitar que se produzan falta de pagamentos en cadea, tanto

de obrigacións precedentes, como de novas obrigacións que se van xerando durante estes meses para manter abertas as entidades sen ter ingresos suficientes que o compensen.

Para garantir o éxito e maior impacto posible destas medidas entre o tecido empresarial e económico, que abarca ás empresas e entidades da economía social e as súas entidades financeiras, FORO POLA ECONOMIA SOCIAL GALEGA propón:

1. Analizar a incorporación no futuro próximo dunha moratoria de 6 meses a empresas e entidades solventes para a devolución do pago de préstamos durante o período do Estado de Alarma.

FORO POLA ECONOMIA SOCIAL GALEGA expón considerar esta opción co fin de evitar que a utilización das liñas de garantía para facer fronte ao COVID-19 supoña un sobreendebedamento das empresas beneficiarias solventes que non poidan continuar coa súa actividade como consecuencia da aplicación do Estado de Alarma.

A aposta por facilitar liquidez adicional ás empresas, aínda que ten uns efectos moi positivos, pode conducir ao mesmo tempo a un sobreendebedamento nalgúns entidades beneficiarias con créditos concedidos previamente ás crises.

Será o caso das empresas ou entidades, tamén da economía social, que soliciten liñas de financiamento para pagar as cotas dos seus préstamos anteriores, producíndose o paradoxo de que unha entidade financeira puidese conceder un financiamento (neste caso con aval en última instancia do Estado) para cobrar os seus propios préstamos, que continuarán vixentes nas mesmas condicións. Aínda que a concesión de períodos de carencia fará que non teña impacto durante estes primeiros meses, as entidades deberán pagar un préstamo que xa tiñan antes da crise e outro novo a prazo (normalmente máis curto) coas cotas de capital e intereses xeradas por ese préstamo durante a crise, debendo por tanto máis diñeiro, a prazo máis curto e producíndose entón a necesidade de xestionar unha nova dificultade nun contexto económico incerto e de menor crecemento, no que quizá non existan tantas medidas de apoio.

Por iso FORO POLA ECONOMIA SOCIAL GALEGA expón analizar a posible aplicación dunha moratoria a entidades e empresas solventes con préstamos concedidos previamente á crise do COVID-19, similar á dos préstamos hipotecarios para vivenda de particulares (moratoria de 6 meses).

Así mesmo, considérase relevante establecer instrumentos que permitan monitorar e facer un seguimento da situación económica das empresas de economía social durante o período de aplicación do Estado de Alarma e, en especial, nos meses posteriores á súa finalización para arbitrar medidas adicionais para aquelas organizacións que superen o primeiro impacto pero necesiten apoio adicional no tempo.

2. Evitar o establecemento polas Administracións de requisitos e condicións que exclúan a implicación de entidades financeiras da economía social na implementación das medidas financeiras.

A esixencia de requisitos (ratings ou esixencia de fortes achegas de capital a entidades intermedias) que exclúa a entidades financeiras de tamaño medio ou pequeno de economía social que coñecen, traballan e apostan polas entidades locais ou sectoriais que entenden e apostan pola economía social, pode acabar afectando a estas e limitando o impacto esperado dos instrumentos financeiros, especialmente entre un tecido económico de economía social que non son prioritarios entre as entidades financeiras que cumpran devanditos requisitos.

Neste sentido, as referencias e criterios que chegan respecto da disposición do ICO a traballar co tecido financeiro de forma ampla valóranse de maneira moi positiva e poderían servir de referencia a outras Administracións.

3. Non restrinxir a aplicabilidade das medidas e instrumentos financeiros ao conxunto de actores económicos.

As normativas dos instrumentos financeiros adoptados polas Comunidades Autónomas corren o risco de limitar en exceso o tipo de organizacións beneficiarias coas que habitualmente traballan e que apoian unha parte das entidades financeiras da economía social.

Por este motivo, solicítase ser especialmente coidadoso á hora de redactar as normas que regulan a utilización destes instrumentos, para o que se propón evitar referencias a conceptos como "exercer unha actividade empresarial; produción de bens ou prestación de servizos..." ou similares, que poida xerar dúbidas sobre a aplicabilidade das medidas a entidades asociativas sen ánimo de lucro ou do terceiro sector que conforman unha parte relevante do tecido co que traballan e ao que apoian as entidades financeiras da economía social.

4. Proposta de axudas económicas concretas destinadas a entidades de economía social:
 - a. Financiamento para dotalas de liquidez, pero cunhas características que non supoñan unha carga financeira excesiva, e que permitan axilizar a tramitación. Cómpre ofrecer un financiamento máis áxil, e en mellores condicións que a banca privada, cun xuro subvencionado. A modo de exemplo:
 - sen pasar por notaría ata 50.000 euros
 - sen comisións de apertura nin de amortización anticipada

- prazo de 6 anos: un ano de carencia sen pagar cuotas, 5 anos para devolver
 - negociable unha ampliación de 2 anos máis a partires do cuarto ano
 - T.A.E. máximo do 1,5% (con posibilidade de subvencionalo)
- b. Axudas non reembolsables, na liña das que se están a pór en marcha en outras CCAA, para apoiar o mantemento do emprego. No caso das cooperativas e sociedades laborais, apertura unha liña específica para a consolidación na convocatoria de APROL; para centros especiais de emprego e empresas de inserción, recuperación das axudas para o equilibrio financeiro que existían para os centros especiais de emprego
- c. A medio prazo, axudas non reembolsables para cubrir a merma de ingresos derivada da crise do COVID-19, xustificada mediante un informe económico.

MEDIDAS POR SECTORES

I. SECTOR PRIMARIO E AGROALIMENTARIO

1. Axudas e apoios de financiamento:

- a. Axudas de financiamento para paliar o impacto financeiro dos impagados que xa estamos a empezar a ter de pequenos clientes e restauración, que están a devolver e non sabemos cando imos cobrar.
- b. Axudas financeiras para apoiar as necesidades de circulante se conseguimos crecer en vendas.
- c. Medidas de apoio á procura e introdución en novos mercados para paliar a caída que imos ter no consumo en restauración en España.
- d. Liñas de apoio para a concentración empresarial dentro de cada sector para gañar eficiencia, escala e poder de negociación, primando a diversidade de produtos e canles sobre crecer en escala nun único produto ou canle de comercialización.
- e. Dentro desa concentración, intensificar as axudas a Instalacións Industriais Colaborativas, que poden ser a fórmula para con menor investimento conseguir máximo resultado.
- f. Axudas a instalacións industriais para elaborar produtos con valor engadido por encima da media ou estándares do sector.

2. Tomar medidas relacionadas coas devolucións de IVE/IVE, para axilizar ao máximo as devolucións pendentes e as futuras devolucións.
3. Aprobar unhas liñas de crédito, destinadas ao sector primario, e en concreto aos socios das cooperativas e sociedades laborais, que pode ser de gran axuda para afrontar a crise. Debemos ter en conta que a situación actual tamén vai afectar en maior ou menor medida aos seus socios en función das débedas que teñan, que nalgúns casos son importantes no sector agrario.
4. O impacto económico é directo sobre unha parte moi importante dos produtores de flor e planta ornamental, viticultores e produtores de vacún, ovino e caprino que van ver vistos reducidos os seus ingresos. Nun panorama cada vez máis competitivo no que a calidade da materia prima é de vital importancia, esta redución de ingresos implicará unha redución dos gastos por explotación. Neste sentido, necesitamos a implantación dalgún tipo de axuda de apoio a dita redución.
5. Aplicar unha moratoria nas cotas dos préstamos contraídos polas empresas agroalimentarias para garantir a súa viabilidade ampliando a moratoria prevista na Real Decreto-lei 8/2020 polas hipotecas, en especial, para aquelas de o sector que estean a sufrir baixadas significativas nas súas vendas e teñan que aplicar expedientes de regulación de emprego.
6. As Compañías Eléctricas, coa situación sobrevida do coronavirus, deberían permitir cambiar de contrato durante os meses que dure a crise, podendo diminuír os termos fixos que adoitan ser moi altos, polo que pode ser interesante negociar un contrato distinto con consumos menores que abarate os custos na factura eléctrica.
7. XESTIÓN E REALIZACIÓN DUNHA COMPRA CONXUNTA DE EPIs PARA O SECTOR PRIMARIO E AGROALIMENTARIO. Escaseza de materiais de protección (necesario para unha solución a este problema). Necesidade de dispoñer de coidadores para casos de enfermos en explotacións e protocolos claros para evitar o contaxio para profesionais que visitan explotacións (asesores, veterinarios...).
8. SECTOR DE HORTA, PORCO CELTA, XEADOS, etc: Seguimento continuado e apoio a outras actividades de cooperativas polo deterioro económico derivado da caída da demanda da canle HORECA, polo que pode necesitar financiamento e axuda directa.

II. CULTURA

1. Garantir a confianza dos consumidores no sistema cultural. O goberno debe crear unha liña de crédito branda para asegurar que os espectáculos con venda de entradas anticipadas poidan

afrontar a devolución monetaria dos paquetes anticipados que as empresas venderon e que van ter que atrasar.

2. Incentivar con axudas directas ás institucións culturais públicas para que os eventos e programas culturais (artes escénicas, música, artes visuais, artes mixtas, etc.) non sexan suspendidos, senón aprazados, e que se realicen de forma inmediata unha vez normalizada a situación. Deste xeito o mercado non se resentiría totalmente, xa que existiría unha programación que salvaría os investimentos das empresas de servizos e actividades culturais, así como empresas auxiliares no ámbito técnico.
3. Pago total ou parcial das actividades culturais comprometidas e/ou anunciadas publicamente, mesmo aínda que o trámite administrativo de contratación non finalizase, tendo en conta que é práctica habitual do sector que a contratación leve un ritmo diferente aos ritmos de produción.
4. Que as programacións de rúa e verán, xa sexan en interior ou exterior, sexan potenciadas para que as empresas poidan traballar e ter ingresos cos que retomar a actividade económica o antes posible.

III. ENSINO:

1. Garantir o mantemento dos concertos educativos cando menos nas condicións previas ao estado de alarma.
2. Ter en conta as especialidades dos centros de ensino á hora da aplicación dos ERTES.

2. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL

A crise sanitaria e as medidas adoptadas están a ter un gran impacto económico neste modelo empresarial da Economía Social xa de seu moito máis débil en canto á súa situación económica-financeira. As prioridades dos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social nestes momentos son dúas: adoptar tantas medidas sexan necesarias para conter a pandemia e garantir a saúde dos nosos traballadores e evitar, na medida do posible, a previsible perda de emprego de persoas con discapacidade. A prioridade no futuro inmediato é garantir a sustentabilidade e viabilidade dos nosos centros e, consecuentemente, o mantemento do emprego dos nosos traballadores.

Para conseguir estes obxectivos, solicítanse as seguintes medidas. Aínda que a normativa básica relacionada cos Centros especiais de emprego é de ámbito estatal e as medidas pódense implementar mediante a modificación desa lexislación estatal que regula os distintos aspectos dos CEE; tamén é posible

a modificación das medidas solicitadas para estas empresas mediante a modificación da normativa autonómica de desenvolvemento ou mesmo mediante a aplicación e interpretación das competencias de xestión que lles corresponden ás CC. AA. nos seus ámbitos competenciais.

É por iso que se solicita á Xunta de Galicia as seguintes medidas:

1. Adoptar as medidas normativas necesarias para garantir, en toda a Comunidade Autónoma, que, no caso de que o centro especial de emprego de iniciativa social teña baixas laborais ou realízase un ERTE como consecuencia da crise sanitaria actual e está circunstancia derive en que o número de traballadores con discapacidade sitúese por baixo do 70 % do persoal, que en ningún caso o Centro Especial de Emprego sexa descualificado por esta eventualidade.
2. Igualmente, adoptar as medidas normativas necesarias para garantir, en toda a Comunidade Autónoma, que, no caso de que o centro especial de emprego de iniciativa social cese a súa actividade temporalmente como consecuencia da crise sanitaria actual, que en ningún caso o Centro Especial de Emprego sexa descualificado por esta eventualidade.
3. Adoptar as medidas normativas necesarias para opoñer excepción temporalmente (paralización do período de cómputo) a obriga de mantemento do posto de traballo ou substitución por outro/a traballador/a con discapacidade durante tres anos na subvención para proxectos xeradores de emprego (Orde Ministerial do 16 de outubro de 1998), no caso de baixas laborais, ERTE ou cesamento temporal da actividade.
4. Crear un fondo de continxencia específico, ao amparo das axudas previstas para o mantemento de postos de traballo en Centros Especiais de Emprego establecidas na Orde Ministerial do 16 de Outubro de 1998, sempre vinculado ao mantemento de emprego, dirixido a equilibrar o orzamento para paliar as deficiencias económico-financeiras provocadas pola situación de crise sanitaria actual. Esta eventualidade deberá estar debidamente xustificada e o importe máximo para cada CEEIS será do 50 % do desequilibrio orzamentario provocado, desde o momento da declaración do estado de alarma, por cesamentos de actividade, redución de ingresos por vendas ou prestación de servizos, etc. Estas axudas limitaranse ao ano de vixencia do orzamento.
5. Adoptar as medidas normativas e o crédito orzamentario necesario para, con carácter extraordinario, garantir a liquidez dos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social. De maneira que a Comunidade Autónoma, poida anticipar, de maneira urxente, o 100 % das axudas ao mantemento do emprego (subvención de SMI) de todo o exercicio 2020. Tendo en conta o persoal real existente a data de declaración do estado de alarma; no último trimestre do ano realizaríanse

os axustes pertinentes entre a subvención recibida e o persoal existente en cada un dos meses restantes do ano.

6. Adoptar as medidas necesarias (normativa, instrucións, etc.) para que a Comunidade Autónoma que requira que as novas contratacións supoñan un incremento neto do número de persoas empregadas en comparación coa media dos 12 meses previos para que sexan subvencionables, salvo que o posto ou posto quedasen vacantes por mor da dimisión do traballador ou traballadora, da súa discapacidade, da súa xubilación por motivos de idade, da redución voluntaria do tempo de traballo ou do seu despedimento disciplinario procedente e non de resultados do seu despedimento; inclúan como unha excepción máis o período en que son baixa os traballadores/ as afectados polo ERTE ou o período por cesamento temporal de actividade.
7. Adoptar as medidas necesarias para opoñer excepción temporalmente (paralización do período de cómputo) a obrigación de substitución das persoas traballadoras da unidade de apoio no caso de baixas laborais, ERTE ou cesamento temporal da actividade.
8. Ante a situación excepcional que estamos a atravesar, resulta practicamente imposible prestar os servizos de axuste persoal e social tal e como os establece a lexislación vixente, máis aló de protexer a saúde dos/as traballadores/as. Por iso, consideramos necesario que se adopten as medidas necesarias para opoñer excepción durante este período a prestación dos servizos de axuste persoal e social, salvo aquelas actividades imprescindibles dirixidas a protexer a saúde dos/as traballadores/as.
9. Adoptar as medidas necesarias (normativa, instrucións, etc.) para que, en caso de realizarse un ERTE e véxanse afectados traballadores/as con incapacidade laboral, pero sen certificado de discapacidade que aínda manteñan a consideración de “persoas con discapacidade”, estes/as traballadores/as manteñan a consideración de “persoa con discapacidade” cando finalice o ERTE.

3. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA AS EMPRESAS DE INSERCIÓN

En relación coas Empresas de Inserción, e na medida de que son empresas prestadoras de Servizos de Interese Económico Xeral, solicítanse ao Goberno as seguintes medidas para paliar os efectos do COVID-19 non só nas empresas de inserción, senón nas persoas en situación de exclusión social e vulnerabilidade por ela empregadas.

Aínda que a normativa básica relacionada coas Empresas de Inserción é de ámbito estatal e as medidas pódense implementar mediante a modificación desa lexislación estatal que regula os distintos aspectos

destas empresas, tamén é posible a modificación das medidas solicitadas para estas empresas mediante a modificación da normativa autonómica de desenvolvemento ou mesmo mediante a aplicación e interpretación das competencias de xestión que lles corresponden ás CC. AA. nos seus ámbitos competenciais.

É por iso que se solicita á Xunta de Galicia as seguintes medidas que garantan a sustentabilidade e continuidade destas empresas:

1. Medidas relacionadas coa cualificación das empresas de inserción:

Que durante o tempo que se estenda a alerta sanitaria, as empresas de inserción poidan acollerse ás medidas urxentes da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, sen que iso poña en risco a súa cualificación como empresas de inserción. Necesitamos garantir que:

- a. Os ERTes de suspensión total ou parcial por forza maior derivados da crise do COVID-19, non se van a considerar causa para a perda da súa cualificación como empresa de inserción xa que afectará a cociente de persoas traballadoras en proceso de inserción respecto do total do persoal ou ao número mínimo de persoas traballadoras en proceso de inserción que se establece no artigo 5, letra c) da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das Empresas de Inserción.
- b. Nos ERTes de suspensión parcial de persoas traballadoras de inserción cuxa xornada quede por baixo do 51% que o artigo 13.1 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción marcan como mínima, non supoña perda de cualificación.

2. Medidas relacionadas coa liquidez das empresas de inserción, solicítase instar as administracións públicas autonómicas competentes a:

- a. Máxima axilidade no pago das subvencións xa concedidas.
- b. Maior axilidade na tramitación das subvencións do ano 2020.
- c. Que os ERTes non entren en conflito coa concesión de subvencións no 2020.

3. Medidas relacionadas a subvencións ás empresas de inserción:

Para o cálculo das subvencións a empresas de inserción, a non esixencia durante o estado de alarma do cómputo da porcentaxe de persoas traballadoras de inserción respecto ao total do persoal ou ao número mínimo de persoas traballadoras en proceso de inserción, tal e como o define o artigo 5, letra c) da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das Empresas de Inserción.

4. Outras medidas para cando finalice o estado de alarma:
 - a. Garantir a continuidade dos contratos públicos que se viron interrompidos e/ou suspendidos, sendo prorrogados pola duración do período de suspensión.
 - b. Garantir o cumprimento da Disposición Adicional 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que trata sobre os contratos reservados, no conxunto do sector público estatal.

4. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA COOPERATIVAS

Ademais das medidas detalladas anteriormente para todas as empresas de economía social no seu conxunto, engadir para as cooperativas, como medida urxente, poñer a disposición os Fondos do Consello Galego de Cooperativas para a consolidación e refloatamento dos proxectos cooperativos máis perxudicados e que as cooperativas podan aplicalos ao mantemento do emprego e a paliar os efectos desta crise.

Como medidas posteriores ao estado de alarma, por un lado facilitar o acceso ao crédito para facer fronte á situación económica posterior á crise, con acceso cando menos nas mesmas condicións que outras empresas, a liñas de crédito e financiamento que teñan en conta as particularidades da fórmula cooperativa. Por outro lado, promover campañas de consumo local e de proximidade que favorezan a recuperación e reactivación do consumo sostible e de proximidade, exercido, entre outras polas cooperativas de consumo e de mercados de abastos.

5. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA COOPERATIVAS AGRARIAS

Ademais das medidas detalladas anteriormente para todas as empresas de economía social, cremos que é necesario un apoio xeral aos primeiros elos da cadea alimentaria: á produción e ás cooperativas comercializadoras e transformadoras. Neste sentido, propoñemos axudas de financiamento para empresas e cooperativas, sexan ou non PEMES, dado que a maior parte delas son para PEMES e autónomos, que sen dúbida o necesitan, pero non podemos esquecer os efectos tractor e multiplicador das empresas máis grandes que tamén é importante.

As medidas propostas para as cooperativas agrarias recóllense no anterior apartado de medidas sectoriais para o sector primario e agroalimentario.

6. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA SOCIEDADES LABORAIS.

Ademais das medidas detalladas anteriormente para todas as empresas de economía social, cómpre unha aclaración do procedemento de ERTE por parte da autoridade laboral para aclarar as dúbidas que está xerando este cambio no proceder, concretamente no referido a:

- a. Os cambios nestes procedementos afectan especialmente ás sociedades laborais, ás que no artigo 22.3 do RD Lei 8/2020 equipara ás cooperativas, obrigando a abrir dous procedementos diferentes: un para socias traballadoras e outro para traballadoras non socias. O procedemento especial aplicado ás cooperativas non se adapta á realidade das nosas sociedades laborais, posto que as persoas traballadoras socias mantemos unha relación laboral suxeita ao Estatuto dos Traballadores nas mesmas condicións que as persoas traballadoras non socias. O procedemento de ERE/ERTE que ata o de agora se aplicaba era incluír nun mesmo procedemento a todo o persoal da empresa, sexan ou non persoas socias.
- b. No artigo 4 do RD Lei 9/2020 permite a adopción do acordo de ERTE ao Consello Reitor das cooperativas, pero non nomea ás sociedades laborais, polo que estas quedan obrigadas a reunir á xunta xeral de socios/as.

7. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS SOLICITADAS PARA AS ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL EN RELACIÓN ÁS ORDES DE SUBVENCIÓNS:

A. ORDE DE SUBVENCIÓNS DA REDE EUSUMO:

1. En relación a convocatoria 2019-2020, ampliar o prazo de execución, mínimo, ata o 31-12-2020 ante a imposibilidade de execución como consecuencia da situación excepcional provocada pola crise sanitaria do COVID-19 e para tratar de paliar o impacto económico que sufrirán as entidades beneficiarias en caso de non realizar as actividades.
2. En relación a convocatoria 2020-2021, incrementar a flexibilidade para que as actividades concedidas con independencia do ano, é dicir, que se podan desenvolver tanto no 2020 como no 2021, asegurando o cobro do anticipo no ano previsto inicialmente independentemente no ano de execución.
3. En común a ambas convocatorias, ofrecer flexibilidade para reprogramar actividades, en canto a contido, metodoloxía (teleformación, por exemplo) e materiais.
4. Valórase tamén modificar o tipo de actividades a realizar, tanto en prazos como na súa natureza axustándose a pedir polo mesmo importe que tiñamos concedido e coa mesma baremación das

novas actividades aunque consideramos que ante a incertidumbre existente non somos capaces de facer ningún tipo de previsión.

B. AXUDAS A EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL

1. Axilización das convocatorias de subvencións da Economía Social unha vez finalizado o Estado de Alarma para proporcionar liquidez ás empresas do sector e, a súa vez, como fórmula de creación e mantemento do emprego.
2. Formación para as empresas de Economía Social dos sectores de atención ás persoas para combatir situacións de crises como a do COVID-19.

